

NOTA DE PRENSA

PREMIOS AGADER 2019

O territorio do GDR SALNES ULLA UMIA acapara dous das oito categorías dos premios Agader da Consellería de Medio Rural!!

Nesta convocatoria de **Premios AGADER** con gran elevado de iniciativas presentadas, o noso territorio foi premiado con dous proxectos presentados pola empresa **Graficas Salnés** de Cambados e por **Polyesteres Bidasoa** de Caldas de Reis. O primeiro por un sistema innovador na fabricación de caixas forradas de alta gama para produtos prémium o delicatesen dentro de la categoría de Innovación tecnolóxica e a segunda empresa pola categoría liderada por Mulleres. Deste xeito GDR SALNES ULLA UMIA quere transmitir a súa satisfacción por estes dous premios que recoñecen as iniciativas do noso territorio.

O xurado estivo composto por **Miguel A. Pérez Dubois**, director xeral da Agader, **Susana López Abella**, secretaria xeral de Igualdade, **Anxo M. Lorenzo Suárez**, director xeral de Políticas Culturais, **M^a Nava Castro Domínguez**, directora da Axencia Turismo de Galicia, **M^a Belén do Campo Piñeiro**, directora xeral de Patrimonio Natural, **Cristina Pichel Toimil**, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, **Alfredo L. García Rodríguez**, Presidente da Fegamp, **María José Fernández Varela**, xerente do GDR Ulla-Tambre- Mandeo, **Javier Blanco Carballal**, subdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, **Alejandro Sánchez de Dios**, subdirector de Mobilidade de Terras, **Silvestre J. Balseiros Guinarte**, director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e **Severino Álvarez Monteserín**, secretario xeral da Agader.

Moitas grazas a os membros do xurado por valorar positivamente as nosas iniciativas e empresas da comarca.

A entrega dos premios dotados con un importe económico de 10.000 euros terá lugar no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude (A Coruña) o próximo 21 de xuño. Neste acto contaremos coa presenza do Presidente da Xunta de Galicia **Alberto Núñez Feijóo**.